

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 ✻ 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Alén, Máis Alá

CATEGORÍAS RELACIONADAS

## *A procesión das ánimas (1)*

□ *A procesión d'as ánimas é unha cousa que antes daba moito que falar. Hoxe son ben contados os que creen n'ela. "Cando van en procesión -decían- fan ceremonias como enterros: levan entre catro o cadáver, outras van chorando, outras fan de cegos e van cantando responsos", etc. "Todos os viernes van de visita a casa ond'a morrer algunha persoa". "Se lle meten a cruz ou a vela a algún vivo, ten que andar na procesión aluminado (alumean con hosiños) e ir a visita de viernes, pero despois non sabe onde foi". "Unha vez era un mozo que andaba n'ela e levou unha tella e fixo un risco na parede ond'a porta d'onde entraba e pr'outro día anduvo mirando por'as portas do pueblo e foi dar co risco ond'a porta d'unha tía, sabend o así que alí fora de visita e iba morrer algún da casa, como así foi." "O que ande na procesión, ten que ir sempre que salgan as outras, e non vale marchar pro extranxeiro; pois un foi para Portugal, e viña andar na procesión". "S'algún día fai resistencia para levantarse da cama e ir, danlle en tirar por'as uñas dos pés e non ten outro remedio que ir□.*

Fonte

SANTANA, Urbano; Resume xeneral de folk-lore de Sandiás, Revista Nós, xuño-setembro, 1931

[Texto remitido por [Xavier Feixoo](#)

, de Sandiás (Ourense)]